

Balbordo

Nº 3 – Xuño de 2004



UN CURSO NO ENL BALBORDO

Tamara Roig

Este ano levouse a cabo unha iniciativa pola normalización lingüística no instituto recuperando o antigo Balbordo, que deixou pegada respecto ós anos anteriores. Afilieime a este grupo porque penso que a definición da lingua coma un sistema de expresión do pensamento e de comunicación como di no dicionario, é moi fría, a lingua leva consigo unha cultura, unha historia, un son, sobre todo o son das palabras, que bonitas, cada lingua diferénciase por iso e é impresionante a diversidade de sons existentes na nosa Terra, xa só en Galiza temos non sei cantas variantes fonéticas. Dáme pena, rabia e non sei o que, que haxa persoas que lles dea noxo o galego porque ó estaren desprezándoo tamén o fan

coas demais linguas e só valorando a súa non se decata de que se naceran noutro país terían outra lingua e cultura diferentes. Penso que xa que temos un tesouro propio, que outros territorios non teñen porque teñen xa o seu,

¿Por que non utilízalo, defendelo e gozalo?

Por iso estou en Balbordo porque teño moitas ganas de aprender máis, de animar á xente, de facer polo que é noso, de seguir adiante cos proxectos que comezamos, porque unha das cousas máis importantes e que máis me gustaron de Balbordo foi que puidemos levar a cabo as nosas ideas, e coa axuda dos profesores e

profesoras chegamos a facer varias actividades que para o ano multiplicaranse posto que **PENSAMOS IR COMA MOTOS.**

Con todo, animo a toda a xente que se queira unir ó noso equipo ou participar nas nosas actividades.



A EXTINCIÓN DA RAZA HUMANA

Guillermo Rodríguez Alonso

Nun futuro distante, máis aló de cataclismos e glaciacións, a raza humana extinguiuse.

Envío esta mensaxe a través dun portal de disformidade aberto na miña era, que se trasladará, espero, ó pasado. Asumimos a posibilidade de fendas dimensionais e de interferencias no tempo. Ninguén pode controlar esas fisuras da mesma realidade, pero dise que se poden materializar partículas estables a outro lugar, e mesmo no tempo, cobrándose logo os anos transcorridos, polo cal nunca enviamos un ser vivo.

Se vostedes son seres humanos do pasado presten atención ó meu relato, pois trata da extinción da miña especie, herdeira da antiga especie humana. Somos unha raza de seres humanos pervertida ó longo dos anos. Guerras, pobreza e inxustiza son os cimentos da nosa sociedade. Somos os homes do caos. Somos descendentes dos seres humanos, e os únicos que sobrevivimos o cataclismo creado por nós mesmos,... contareivos algo da miña raza.

Os homocauticos nacemos artificialmente, as mulleres hai séculos que non poden concibir a causa da grande contaminación. Non temos enfermidades fisiolóxicas pois estamos totalmente controlados e manipulados xeneticamente.

Segundo algúns relatos do pasado a raza humana dominara as viaxes interplanetarias, pero na cuarta guerra mundial, cando aínda existían nacións e a pouca contaminación permitía vivir na meirande parte do planeta, un estado, o máis poderoso do planeta, decidiu que só el sería o que dominase as viaxes ó espazo e sabotou os proxectos doutras nacións.

Pouco despois un devastador virus creado polo mesmo país, con fins militares, assolou a terra, selando para sempre a decadencia da raza humana, ata chegar a nosa especie. Foi o cataclismo. Xamais voltaremos a ser o pobo que fomos antano.

Hoxe en día, os nosos proxectos para viaxar ó espazo son unha morea de fracasos. A nosa tecnoloxía é mais ben pobre, só nos quedan restos do antigo esplendor tecnolóxico dos nosos ancestros. Dise nun estraño documento dun material descoñecido para nós, que no pasado se pisou a lúa,... hoxe a lúa non existe.

A terra é unha masa informe de gases altamente tóxicos. Nos vivimos nas nosas colonias. cápsulas xigantescas,... unha especie de invernadoiros xigantes para illarnos dos gases tóxicos que queimarían os nosos pulmóns a menor respiración.. Fóra das nosas colonias a vida é imposible, agás uns seres que son unha constante ameaza para nós., son o resultado de mutacións de virus e substancias anaeróbicas, que lembran a moitos dos nosos animais domésticos do pasado, galiñas, cans, etc.

O osíxeno subministrase entre ricos e pobres, os primeiros obteñen osíxeno suficiente para respirar continuamente e os pobres viven entre arcadas.

Eu teño 85 anos e estou acabado psicoloxicamente. Hai tempo que abandonamos a idea da inmortalidade, o gran soño da humanidade. E hai tempo que eu abandonei a idea de seguir con esta estúpida existencia.

Mañá é festivo, día de Necros, deus da morte, especialmente venerado polos pobres..., haberá miles de suicidios colectivos.

Envío esta mensaxe co meu derradeiro suspiro.



Ó redor da semana das Letras Galegas houbo dúas exposicións. Unha que trataba do **etnógrafo Xocas**, tiña diferentes obxectos antigos traídos por alumnos e profesores do centro. Había tamén unhas fichas con información dalgúns obxectos. A outra foi unha exposición de viñetas sobre a lingua feitas por Xosé Lois (Carrabouxo). Esta exposición foi organizada polo equipo de Normalización Lingüística.

A SEMANA DAS LETRAS

Carmen Álvarez e Marta Parada. 1º A de ESO